

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE OS Pks 8+390 AO 10+000 E CAMBIO DE TITULARIDADE EN FAVOR DO CONCELLO**

### **1. Antecedentes**

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

### **2. Razóns de necesidade e oportunidade**

A estrada autonómica AC-543 era a antiga vía principal de comunicación entre Santiago de Compostela e as comarcas de Noia e Barbanza. Sen embargo, a sucesiva urbanización das súas marxes, unido á apertura da autovía AG-56 (Santiago – Brión) e a vía de alta capacidade CG-1.5 (Brión-Noia) mudou a súa funcionalidade, pasando a dar soporte á mobilidade local coa vocación final de configurarse como unha rúa ao servizo dos núcleos de poboación polos que pasa.

O treito da Ac-543 comprendido entre os puntos quilométricos 8+800 e 10+100, foi identificado como treito de concentración de accidentes, polo que é urxente adecuar as características da vía á súa funcionalidade urbana, calmando o tráfico e dando prioridade aos usuarios vulnerables, con medidas como a ampliación das beirarrúas e o estreitamento dos carrís de circulación.

### **3.- Impacto económico**

O custe total da actuación estímase en 605.402,72 IVE incluído, que será financiadas polas dúas administracións na porcentaxe de 70% AXI e 30% Concello de Brión.



A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras ata un máximo de 423.781,90 €, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe €
2023	211.890,95
2024	211.890,95

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2023.

#### **4.- Carácter non contractual**

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

Ámbalas dúas administracións financiarán a execución das obras nas porcentaxes enriba sinaladas.

#### **5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **6.- Xustificación da concesión directa dunha subvención**

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 19,4 c), establece que poderán concederse de forma directa as subvencións nas que se acrediten



razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras que debidamente xustificadas dificulten a súa convocatoria pública.

O treito da estrada AC.543 perdeu a súa orixinal natureza de vía principal de comunicación entre a cidade de Santiago de Compostela e as comarcas de Noia e Barbanza. O tráfico do treito afectado polo convenio é fundamentalmente local, razón pola que o concello comprométese a asumir a súa titularidade.

Dentro das prioridades da Axencia Galega de infraestruturas atópase a mellorara da seguridade viaria deste treito da AC.543 ao ser identificado como treito de concentración de accidentes.

Tendo en conta o anteriormente exposto resulta axeitado á concesión directa dunha subvención a este concello, xa que ningún outro podería presentarse nunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

